

NH= Nº estimado de teléfonos móbiles no municipio, calcúlase como o 95% dos habitantes empadroados no municipio. En 2007 19.824

b) Cota Básica:

A cota básica global determinase aplicando o 1,4 por cento a base imponible:

$$QB = 1,4\% * BI$$

A cota tributaria por operador determinase aplicando o coeficiente atribuíble a cada un sobre cota básica global:

$$\text{Cota tributaria operador} = CE * QB$$

Sendo:

CE= Coeficiente atribuíble a cada operador, segundo a súa cota de participación no mercado (servizos minoristas), incluíndo as modalidades postpago e prepago.

O valor da cota básica (QB) para o ano 2009 é de 86.340 €.

c) Imputación por operador

Para o 2009 o valor de CE e a cota semestral a satisfacer por cada operador son os seguintes:

OPERADOR	CE	COTA
Movistar	45,0%	19.426,50 euros/semestre
Vodafone	30,5%	13.166,85 euros/semestre
Orange	22,5%	9.713,25 euros/semestre
Yoigo	0,9%	388,53 euros/semestre
Euskatel	0,5%	215,85 euros/semestre
Resto OMV	0,5%	215,85 euros/semestre

A efecto de determinar o coeficiente CE os suxeitos pasivos poderán acreditar ante o Concello que o coeficiente real de participación no exercicio foi diferente. Neste caso, as autoliquidacións semestrais axustaranse aplicando o coeficiente acreditado polo obrigado tributario.

ARTIGO 6.—BENEFICIOS FISCAIS

Non se concederán máis exencións ou bonificación que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de Tratados Internacionais.

ARTIGO 7.—DEVENGO E PERÍODO IMPOSITIVO

A presente taxa ten natureza periódica, devengándose o primeiro día do período impositivo, que coincidirá co ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou o aproveitamento especial, no que o período impositivo axustarase a estas circunstancias:

- Nos supostos de altas por inicio de actividade, o período impositivo coincidirá co semestre natural que reste para finalizar o exercicio, incluído o semestre no que se inicie a utilización privativa ou aproveitamento especial.
- Nos casos de cese da actividade, o período impositivo coincidirá cos semestres naturais transcorridos dende o exercicio, incluído aquel no que se produza o cese da utilización privativa ou aproveitamento especial.

ARTIGO 8.—NORMAS DE XESTIÓN

A taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído polo voo, solo e subsolo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil esixiranse en réxime de liquidación. As liquidacións serán remitidas antes de finalizar os meses de xuño e decembro.

No caso de mostrar disconformidade co coeficiente CE os suxeitos pasivos poderán presentar unha reclamación no período voluntario de ingreso.

ARTIGO 9.—INFRACCIÓN E SANCIÓNS

En todo o relativo a cualificación das infracción tributarias así como a determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenrolen.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As ordenanzas fiscais dos exercicios futuros poderán modificar o valor dos parámetros Cmf, Cmm, NH, e NT se así procede.

Se non se modifican a presente Ordenanza, continuarán sendo de aplicación os parámetros establecidos para o exercicio 2009.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello de Lalín en sesión celebrada o día 30 de outubro de 2008, quedou definitivamente aprobada polo pleno de 19 de decembro de 2008, entrará en vigor a partir do día 1 de Xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Lalín, 19 de decembro de 2008.—O Alcalde, José Crespo Iglesias. **2008012943**

• • •

MONDARIZ BALNEARIO

Corrección de erro

Advertido erro no anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 211, de data 30 de outubro de 2008, polo que se somete a información pública o expediente de modificación do regulamento de organización da gardería municipal de Mondariz Balneario procedese a efectuar a seguinte corrección: onde di: “O Pleno do Concello de Mondariz Balneario, en sesión ordinaria realizada o día 21 de outubro de 2006”, debe dicir “O Pleno do Concello de Mondariz Balneario, en sesión ordinaria realizada o día 21 de outubro de 2008”. A vista do que antecede sométese novamente o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde o día seguinte a inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e presentarse as reclamacións que estimen oportunas.

Mondariz Balneario, 21 de outubro de 2008.—O Alcalde, Manuel N. Salgado González. **2008012913**

• • •

PONTEAREAS

A N U N C I O

De conformidade cos artigos 17.3 e 17.4 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora da Facendas Locais, e aprobada definitivamente polo Pleno do 9-12-08 a “Ordenanza municipal reguladora da Venda Ambulante no municipio de Ponteareas” publícase o texto íntegro da mesma, do literal:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA VENDA AMBULANTE NO MUNICIPIO DE PONTEAREAS

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS:

Artigo 1.—A presente ordenanza ten por obxecto regular, con carácter xeral, os requisitos, condicións e termos xerais que deben cumprirse para o exercicio da venda que se faga de forma habitual, periódica, ocasional ou continuada, fóra dun establecemento comercial, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, con emprego de instalacións desmontables e transportables, incluídos camións tenda en todo o termo municipal de Ponteareas, e de conformidade co disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, (Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local), o Regulamento de bens das entidades locais (RD. 1372/1986, do 13 de xuño) (art. 74 e ss), o Real decreto 1010/1985, do 5 de xuño, a Lei 10/1988, do 20 de xullo, de orde-

nación do comercio interior de Galicia, a Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio polo miúdo e o Decreto 194/2.001, do 26 de xullo.

TÍTULO II

DA VENDA AMBULANTE:

Artigo 2.—A venda ambulante que se faga de forma habitual, periódica, ocasional ou continuada, fóra dun establecemento comercial, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, con emprego de instalacións desmontables e transportables, incluídos os camións tenda, en todo o termo municipal de Ponteareas, só poderá autorizarse de acordo coas condicións e os termos establecidos na presente ordenanza. Queda prohibida no termo municipal de Ponteareas a venda ambulante que non se axuste ás prescricións establecidas nesta ordenanza.

Artigo 3.—Modalidades de venda. En todos os casos, a venda ambulante efectuarase a través dalgunha das seguintes modalidades:

a) Venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada en espazos determinados e cunha periodicidade habitual establecida polo Concello.

b) Venda ambulante en mercados fixos: aquela autorizada en lugares anexos aos mercados municipais ou de abastos.

c) Venda ambulante en postos instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.

d) Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos que se levan a cabo de maneira non periódica en razón a festas, acontecementos populares ou tradicións, agás as de artesanía que contan con regulación propia.

e) Venda ambulante realizada en camións ou vehículos tenda con carácter itinerante nos lugares e cos itinerarios que autorice o Concello.

TÍTULO III

EMPRAZAMENTO E FRECUENCIA

Artigo 4.—O Concello, por causa de interese xeral e logo do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación vixente, poderá modificar as prescricións desta ordenanza dispoñendo do traslado dos postos de venda a outro e outros lugares, a redución do número de puntos de venda e, mesmo, a súa total supresión, sen que iso dea lugar a indemnización ningunha. Así mesmo, a Alcaldía por resolución motivada poderá alterar os lugares de forma provisional por razóns de interese público.

Queda prohibido todo tipo de venda ambulante ocasional fóra dos postos existentes nos mercados municipais, agás o que con carácter excepcional se autorice mediante resolución do Alcalde, do concelleiro/a delegado/a, ou da Xunta de Goberno Local, segundo quen ostente a competencia delegada, previo informe da Xefatura da Policía Local e da consulta non vinculante á Asociación de Comerciantes.

Artigo 5.—Segundo o art. 2 a) da presente ordenanza, e de acordo co disposto no art. 22 e ss. da Lei 10/1988, do 20 de xullo e art. 53 da Lei 7/1985, do 15 de xaneiro, considérase venda ambulante a realizada nos mercados que se levan a cabo os días 14 de cada mes, e todos os sábados do ano, nos lugares expresamente autorizados. Se por festividade ou outro motivo non puidesen ter lugar nas mencionadas datas, trasladaranse con carácter xeral ao día anterior, agás no caso dos sábados para os que non rexe a citada excepción e, polo tanto, non haberá mercado nin o sábado nin o día anterior.

Durante o mes de setembro a venda ambulante, por coincidir coas celebracións populares da Virxe dos Remedios e San Miguel, se por motivos de espazo non poden asignarse os mesmos postos establecidos ata a data, a Policía Local terá absoluta discrecionalidade para fixalos de forma provisional durante eses días. Celebrarase durante este mes a feira anual en Ponteareas, podendo o Concello establecer un canon especial en calquera día de celebración do mercado ou feira que se leve a cabo.

Os criterios para a venda que, de forma excepcional ou por razóns fundamentadas, autorice o/a Alcalde, o/a concelleiro/a delegado/a ou a Xunta de Goberno Local, segundo quen teña delegada a competencia, serán os mesmos que rexan para a venda ambulante en xeral.

Artigo 6.—O horario establecido para a montaxe dos postos abranguerá dende as 7:00 ata as 8:30 horas. O horario de recollida dos postos comezará a partir das 13:15 horas e finalizará ás 15:00 horas do mesmo día. Este horario poderase ampliar en media hora en casos excepcionais, por choiva, enfermidade ou causa moi xustificada.

TÍTULO IV

PRODUTOS AUTORIZADOS.

Artigo 7.—Só poderán exporse e venderse produtos autorizados, tales como artigos téxtiles e calzado de pel e sintéticos, de artesanía, para ornato de pequeno volume, libros, aparatos de radio, cintas de música, plantas, flores, froitas e hortalizas, churrería e outros análogos.

Artigo 8.—Queda prohibida a venda de carnes, aves e caza fresca, refrixerados e conxelados, leite, queixo e demais produtos lácteos, pastelería, bolería, semiconservas e, en xeral, todo produto de alimentación, así como calquera outro produto incluído no nomenclátor do Regulamento de actividades molestas, insalubres ou perigosas.

Non obstante, en supostos excepcionais poderá autorizarse a venda dos produtos a que se refire este artigo cando se dispoña de instalacións adecuadas ou os produtos estean debidamente embasados, previo informe favorable do Servizo Veterinario en todo caso.

Artigo 9.—Non se poderá conceder autorización para a venda de produtos cuxa normativa reguladora así o prohiba, podendo, ademais, as autoridades sanitarias prohibir a venda de determinados produtos cando por motivos de saúde pública así o aconsellen.

TÍTULO V

PROCEDEMENTO PARA O EXERCICIO DA VENDA AMBULANTE

Artigo 10:

1.—A práctica da venda ambulante require autorización expresa do Concello. Será competente para autorizar a venda, en calquera das modalidades contempladas nesta ordenanza, o alcalde ou concelleiro/a delegado/a, ou a Xunta de Goberno Local, segundo quen teña delegada a competencia.

2.—O exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen autorización municipal, ou sen axustarse a ela, e unha vez feito o requirimento verbal da Policía Local, dará lugar á retirada inmediata das instalacións, elementos e xéneros neles situados, e presumirase que tal autorización non existe de non presenta-la no momento de ser esixida polos axentes municipais.

No disposto no parágrafo anterior, os/as interesados/as poderán recuperar os elementos ó aboar o importe da taxa por retirada e almacenamento regulada pola correspondente ordenanza fiscal, tras xustificar a súa titularidade.

Artigo 11.—Poderán optar á concesión das licenzas que se regulan nesta ordenanza todas as persoas físicas, sexan españois e estranxeiros, maiores de idade, que teñan plena capacidade xurídica e de obrar, con suxeición á lexislación mercantil e de conformidade co establecido na Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia. Así mesmo, tamén poderán exercer a venda ambulante e optar á concesión de licenzas as persoas xurídicas legalmente constituídas que se dediquen profesionalmente á venda polo miúdo e reúnan os requisitos establecidos por esta ordenanza e demais normativa de aplicación.

Artigo 12.—

1. A solicitude para o exercicio da actividade deberá ser presentada polo interesado, ou polo seu representante legal,

mediante modelo normalizado aprobado polo Concello e dirixida ao Ilmo. Sr. Alcalde ou concelleiro delegado, no Rexistro Xeral do Concello, facendo constar os seguintes datos:

Se o interesado é persona física: nome e apelidos, domicilio, número do DNI e letra de Identificación Fiscal (NIF) ou pasaporte do interesado. No seu caso, escritura de poder otorgada a favor da persoa que asina a solicitude en representación da persoa a interesada.

Se o interesado é persoa xurídica: CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada a favor da persoa que asina a solicitude en representación da persoa xurídica interesada.

Situación do posto no que se pretende o desenvolvemento da actividade.

Mercancías que vaian expenderse.

Metros lineais de ocupación que se solicitan. No caso de que se excedan as dimensións autorizadas do posto na súa anchura, a taxa devengarase sobre os metros cadrados ocupados da vía pública.

No caso de que a autorización sexa solicitada por unha persoa xurídica, esta fará constar na solicitude a persoa física que vai exercer a actividade, sinalando os datos establecidos no apartado a), ademais de ter que presentar a documentación que xustifique a relación contractual (contrato de traballo e TC2, no caso de Cooperativas de Traballo Asociado acreditación da condición de socio traballador e boletín de cotización) cunha cotización non inferior ó horario do mercado.

2. Xunto coa solicitude deberá presentarse en copia compulsada:

- Fotocopia do DNI ou pasaporte.
- Dúas fotografías tamaño carné.
- Xustificante de estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e de atoparse ao corrente do pago das cotizacións correspondentes durante a vixencia da autorización.
- Xustificante de estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas e de atoparse ao corrente do seu pago, se fose o caso.
- Xustificante de satisfacer os tributos establecidos polo Concello para este tipo de venda nos lugares designados pola autoridade competente.
- Declaración xurada de reunir todos os requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos obxecto de venda e non realizar actividade de produtos prohibidos.
- Declaración expresa na que o solicitante manifieste coñecer as normas ás que debe axustarse a súa actividade e o seu compromiso a observalas.
- Declaración xurada de non estar incurso en ningún dos casos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos pola Lei para o exercicio do comercio así como de carecer de calquera outra actividade lucrativa.
- Fotocopia do documento acreditativo de estar inscrito no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia. No caso de que a autorización sexa solicitada por persoa física, o rexistro debe corresponder á persoa física, carecendo de validez o rexistro a favor dunha persoa xurídica da que forme parte o solicitante.

Determinación do número de persoas habilitadas. No caso de que estas sexan cónxuxes ou persoa ligada por calquera relación afectiva análoga, ou descendentes directos maiores de 16 anos, achegarase libro de familia e DNI deles, ou certificado de inscrición de Parella de Feito no rexistro correspondente. No caso de que sexan persoas vinculadas ao titular mediante contrato laboral, achegarase copia do contrato laboral correspondente. No caso de que a titular da autorización sexa unha Cooperativa de Traballo Asociado será suficiente que se achegue o documento que acredite que esa persoa é socio traballador da mesma no período correspondente.

Artigo 13.—Os cidadáns non pertencentes á Unión Europea deberán acreditar, antes de serlles entregada a autorización para o exercicio da actividade, estar en posesión dos correspondentes permisos de traballo por conta propia a expedir pola Delegación de Traballo e permiso de residencia conforme á lexislación vixente.

Nos casos de imposibilidade de asistencia do titular da licenza por enfermidade ou outras causas debidamente xustificadas, permitirá que o titular sexa substituído por calquera das persoas habilitadas na autorización. No caso de que a autorización non contivese persoas autorizadas, poderase substituír ao titular por calquera persoa que solicite a súa inclusión como autorizada e que cumpra os requisitos establecidos no artigo 12.2.j) desta Ordenanza.

Artigo 14.—As autorizacións referidas no parágrafo anterior quedarán nulas e sen efecto cando a estes lles sexan revogados os seus permisos de residencia ou traballo.

Artigo 15.—As licenzas serán persoais e intransferibles para os seus titulares. Non se concederá máis dunha licenza a nome dunha mesma persoa sexa física ou xurídica. Ademais, ás persoas xurídicas só se lles permitirá a instalación dun único posto, podendo autorizarse exclusivamente como persoas habilitadas un número máximo de catro, ademais da persoa física designada pola persoa xurídica que solicitou a autorización, sempre e cando se cumpra as condicións establecidas no artigo 12.2.j), isto é, que acrediten a relación laboral coa persoa xurídica ou no caso das Cooperativas de Traballo Asociado que acrediten a súa condición de socio traballador.

Artigo 16.—A vixencia das autorizacións de venda coincidirán co ano natural, sendo renovable cada ano. Se o titular interrompe a actividade e ocupación para a que está autorizado por un terzo do período, producirase automaticamente a súa caducidade.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, a Administración poderá resolver casos individualizados por enfermidade do titular ou outras causas debidamente xustificadas.

Artigo 17.—Nas autorizacións expresarase:

Nome e apelidos ou denominación social, domicilio e DNI/CIF do titular da autorización.

Fotografía.

Modalidade de venda ambulante e artigos que poden ser obxecto de comercialización.

Situación do posto e número de metros lineais ou cadrados.

Prazo de vixencia.

Número e identidade das persoas habilitadas.

Condicións particulares, no seu caso, ás que quede suxeito o titular.

Obrigación de coñecer e cumprir a normativa municipal e de carácter xeral de ordenación do comercio, a disciplina do mercado e a protección do consumidor.

Artigo 18.—As autorizacións entregaranse previa xustificación do ingreso nas Arcas Municipais da taxa fixada na correspondente Ordenanza fiscal, reguladora da taxa por ocupación da vía pública ou bens municipais con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións e industrias na rúa e ambulantes.

Artigo 19.—Para o exercicio do comercio ambulante será necesario o uso de instalacións (metálicas) desmontables e transportables, quedando prohibida a exposición de mercancías no chan.

Artigo 20.—Tanto a solicitude coma a petición de renovación da licenza efectuarase antes do día 15 do mes de decembro do ano anterior á súa vixencia, podendo a dita licenza ser revogada, previa motivación e sen dereito a indemnización ou compensación de ningunha clase, nos casos de faltas cualificadas como graves ou moi graves na presente ordenanza e seguindo o procedemento regulamentario.

TÍTULO VI**CONTROL E INSPECCIÓN****Artigo 21.—**

1.—Correspóndelle ao Concello o control e a inspección dos postos, comprobándose que se leve a cabo a venda dos produtos autorizados, que se ocupa a superficie concedida, que os produtos se atopen en bo estado sanitario e que se cumpra a normativa desta ordenanza, así como a sanción en materia de venda ambulante sen prexuízo das competencia atribuídas a outras Administracións.

2.—Os titulares do posto depositarán os residuos, embalaxes e restos que se produzan no posto nun recipiente ou bolsa, prohibíndose terminantemente depositalos fora dos mesmos. O remate da xornada meterannos nos contenedores xerais, debendo deixar o espazo ocupado en debidas condicións de limpeza e hixiene. Tódolos titulares de postos públicos, teñen a obriga de manter limpo o seu espazo de ocupación e zonas comúns en todo momento.

Artigo 22.—Son obrigacións dos titulares das licenzas :

- Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e estar ao corrente do pago.
- Estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas e estar ao corrente do pago das súas obrigacións tributarias respecto da actividade que exercen, se fose o caso.
- Estar ao corrente do pago da taxa correspondente ao aproveitamento especial dos lugares autorizados, sempre por semestres anticipados. Non ter débedas pendentes co Concello de Pontearreas.
- Exercer a actividade ou vender exclusivamente os produtos ou xéneros para que fose autorizado.
- Se houbese de utilizar pesas ou medidas, deberá telas debidamente contrastadas polo servizo correspondente da Delegación de Industria.
- Observar as normas sanitarias que establecen as disposicións vixentes.
- Manter as instalacións, postos e demais elementos de venda coas debidas condicións de seguridade, hixiene, conservación e limpeza. Así mesmo, durante toda a xornada comercial veñen obrigados a manter limpo e en debidas condicións de hixiene o espazo que lles foi asignado e o circundante, recollendo todos os desperdicios e embalaxes, debidamente atados e depositados en caixas e/ou contedores para facilitar a ulterior tarefa do Servizo de Recollida de Lixo. En relación a este aspecto, nos supostos de colocación de material no chan para probador, deberá utilizarse para evitar o contacto da mercancía e persoas co chan unha alfombríña de plástico ou metálica.
- Os postos desmontables deberán instalarse ocupando o lugar asignado e sen exceder os límites do espazo autorizado, segundo a superficie concedida, e non poderán situarse nos accesos a locais comerciais ou impedindo a vista dos seus escaparates ou exposicións.
- Queda prohibida a utilización de megafonía para anunciar a venda de produtos reclamando a atención dos consumidores. Excepto a venda de música, limitándose a dous (2) o número de alt falantes, e que non supere o número de decibelios permitido na Ordenanza de Ruídos e Vibracións.
- Ter a autorización municipal colocada permanentemente no frontal do posto e á vista para que poidan comprobar a súa validez os axentes da Policía Local e os inspectores de rendas e vixilantes de mercados, así como exhibir os xustificantes de pago da taxa por aproveitamento especial do lugar autorizado. Así mesmo exhibirán a tarxeta do Rexistro de Comerciantes Ambulantes da Xunta de Galicia á vista dos consumidores.

— O vendedor terá a obrigación de mostrar a factura de compra dos produtos a requirimento das autoridades ou funcionarios municipais.

— Cumprir as disposicións desta ordenanza.

Artigo 23.—Queda totalmente prohibido:

Producir ruídos, berros ou música que incumpran o disposto na vixente Ordenanza de Ruídos e Vibracións.

Traspasar ou ceder a licenza, así como cambiar a situación das instalacións, amplialas sen autorización municipal e estender a mercancía fóra dos límites do posto.

O exercicio de calquera actividade ou comercio que contrañese o establecido nesta ordenanza.

Artigo 24.—En materia de inspección o Concello vixiará o debido cumprimento por parte dos titulares das autorizacións, e dos seus habilitados, do preceptuado nelas e, especialmente, das esixencias hixiénico-sanitarias. Non se permitirá a venda de artigos nos postos a quen padeza enfermidades infecto-contaxiosas.

O Concello resérvase o dereito de someter os vendedores a recoñecemento médico, cando o xulgue conveniente.

Artigo 25.—Os vendedores ambulantes deberán cumprir; no exercicio da súa actividade mercantil, coa normativa vixente en materia de comercio e protección ao consumidor.

TÍTULO VII**SIGNOS DE IDENTIFICACIÓN**

Artigo 26.—O Concello proverá a cada comerciante, vendedor ambulante, dunha tarxeta de identificación.

A tarxeta será confeccionada polo Concello e conterá os datos esixidos no artigo 17 da presente ordenanza.

Será obrigatorio en todo momento ter á vista do público a tarxeta municipal para o correspondente posto, exposta no frontal deste. En caso de extravío, perda, etc. da tarxeta, será de obrigado cumprimento solicitar un duplicado con carácter previo á instalación do posto. Todas as persoas habilitadas deberán exhibir o seu DNI ou documento similar de identificación cando sexan requiridas para o efecto.

A tarxeta de identificación á que se fai referencia no presente artigo poderá ser esixida en calquera momento, prohibíndose a colocación do posto cando careza dela.

Artigo 27.—O comerciante ambulante deberá expoñer nun lugar visible para os consumidores a tarxeta expedida polo Rexistro de Comerciantes Ambulantes da Xunta de Galicia (Decreto 194/2001. art. 11º.2).

TÍTULO VIII**INFRACCIÓN E SANCIÓN**

Artigo 28.—O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, dará orixe á incoación do correspondente procedemento sancionador, clasificándose as faltas en leves, graves e moi graves:

1.-FALTAS LEVES:

Producir ruídos, berros ou música que incumpran a Ordenanza de Ruídos e Vibracións.

Falta de ornato ou limpeza das instalacións e da zona circundante inmediata ao mesmo durante toda a xornada.

Non ter colocada a autorización municipal e a tarxeta do Rexistro de Comerciantes Ambulantes da Xunta de Galicia no frontal do posto durante toda a xornada.

Ocupación dun posto distinto ao asignado.

Calquera infracción a esta ordenanza que non estea tipificada como falta grave ou moi grave.

2.-FALTAS GRAVES:

Non cumprir as normas de seguridade das instalacións e elementos destas.

A venda de produtos diferentes aos autorizados.

Non acreditar mediante factura ou autorización correspondente a procedencia da mercancía.

A desobediencia a atender as normas e indicacións da Policía.

Reincidencia na ocupación dun posto distinto ao asignado.

3. FALTAS MOI GRAVES:

O incumprimento das disposicións sanitarias aplicables ás instalacións ou produtos que se vendan.

O exercicio da actividade por persoa distinta á autorizada ou habilitada.

A instalación do posto sen a debida autorización.

A venda de produtos non autorizados.

Aquelas infraccións á presente ordenanza que sexan concordantes coas establecidas na Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no mencionado texto legal, así como aqueles ditados no desenvolvemento deste.

Artigo 29.—As sancións que se aplicarán serán as seguintes:

Por faltas leves: multa de 30 a 750 euros.

Por faltas graves: multa de 751 a 1.500 euros.

Por faltas moi graves:

Multa de 1.501 a 3.000 euros.

Revogación da autorización, podendo chegar ao comiso da mercancía en casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

Correspóndelle ao Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente da Corporación Municipal a imposición das multas.

Artigo 30.—As infraccións ao establecido nesta ordenanza serán obxecto de sanción administrativa, previa instrución do correspondente expediente sancionador tramitado con suxeición ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, que se iniciará de oficio ou por denuncia e, en particular, por incumprimento do disposto na Ordenanza reguladora da venda ambulante.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Calquera autorización concedida con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza queda sen efecto transcorrido un mes dende a entrada en vigor, prazo dentro do cal os titulares poderán solicitar unha licenza adaptada ás prescricións desta ordenanza, e que terá unha vixencia transitoria ata finalizar o ano 2008. Tendo en conta os artigos 16 e 20 da presente ordenanza, para o ano natural do 2009 as solicitudes de licenza ou peticións de renovación de licenza efectuaranse antes do 15 de decembro de 2008.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogada a Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no municipio de Pontearreas vixente ata a data.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

A venda ambulante, diaria, exercida na Praza de Bugallal dende tempo indeterminado, polas persoas incluídas no Padrón de postos de dita Praza, vixente o día da data, queda suxeita a esta Ordenanza con carácter xeral, ata extinguirse os seus dereitos coa xubilación ou falecemento dos seus concesionarios, sen que poidan transmitir ditos dereitos a terceiros.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Para o non disposto nesta ordenanza, estarase ao establecido nas normas de carácter autonómico, estatal ou comunitario que resulten de aplicación.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

De acordo cos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85 do 2 de abril a presente Ordenanza entrará en vigor ós 15 días hábiles da súa publicación completa no BOP.”

Pontearreas, 9 de decembro de 2008.—O Alcalde, Salvador González Solla.

2008012912

• • •

REDONDELA

Referencia 35/08

Aprobadas definitivamente as modificacións de dezaoto ordenanzas fiscais do Concello de Redondela e cumprindo o establecido nos apartados 3 e 4 do artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, publícanse os textos íntegros das modificacións das ordenanzas fiscais citadas:

ARTIGO 4. CUOTA

De conformidade co previsto no artigo 95.4 do Real Decreto Lexislativo 2 /2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, as tarifas anuais do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica neste Concello son as seguintes:

CUOTA

Potencia e clase de vehículo	Euros
<i>A) Turismos:</i>	
A.1. De menos de 8 cabalos fiscais	18,00
A.2. De 8 até 11,99 cabalos fiscais	52,00
A.3. De 12 até 15,99 cabalos fiscais	112,00
A.4. De 16 até 19,99 cabalos fiscais	142,00
A.5. De 20 cabalos fiscais en adiante	218,00
<i>B) Autobuses:</i>	
B.1. De menos de 21 prazas	127,50
B.2. De 21 a 50 prazas	185,00
B.3. De máis de 50 prazas	232,50
<i>C) Camións:</i>	
C.1. De menos de 1.000 kilogramos de carga útil	64,50
C.2. De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	127,50
C.3. De máis de 2.999 a 9.999 kilogramos de carga útil	187,00
C.4. De máis de 9.999 kilogramos de carga útil	232,00
<i>D) Tractores:</i>	
D.1. De menos de 16 cabalos fiscais	24,00
D.2. De 16 a 25 cabalos fiscais	39,50
D.3. De máis de 25 cabalos fiscais	120,00
<i>E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:</i>	
E.1. De menos de 1.000 e máis de 750 kilogramos de carga útil	26,00
E.2. De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	42,50
E.3. De máis de 2.999 kilogramos de carga útil	129,50
<i>F) Outros vehículos:</i>	
F.1. Ciclomotores	7,50
F.2. Motocicletas até 125 centímetros cúbicos	7,50
F.3. Motocicletas de máis de 125 até 250 centímetros cúbicos	16,00
F.4. Motocicletas de máis de 250 até 500 centímetros cúbicos	31,50
F.5. Motocicletas de máis de 500 até 1.000 centímetros cúbicos	63,50
F.6. Motocicletas de máis de 1.000 centímetros cúbicos	127,00